

LINGUA

Nome: _____ Data: _____

O APALPADOR

O Apalpador é un carboeiro xigante de barbas longas de cor laranxa coma o lume. Usa unha boina para tapar a cabeza do frío e viste un gabán de cor verde todo esfarrapado e cheo de remendos. O seu calzado son unhas zocas, pero cando chega á casa pon as zapatillas para ter os pés quentes e non emporcar o chan.

Durante todo o ano vive no Courel, que así se chama unha zona montañosa do leste de Galiza. Traballa moi duro, facendo carbón e aliméntase con bagas salvaxes, castañas, noces e xabarís que él mesmo caza.



Tódolos anos, na noite do vintecatro de decembro, baixa das montañas para apalpar as barrigas das crianzas, e así saber se están ben mantidas ou non. Despois déixalles unha presiña de castañas para que non pasen fame durante o vindeiro ano, e tamén uns agasallos que él mesmo fai.

1.- Despois de ler.

- A que se adica o Apalpador durante todo o ano?

- Por que usa zapatillas para estar na casa?

- De que se alimenta o Apalpador?

- Que lles deixa ás crianzas en Noiteboa?

LINGUA

Nome: _____ Data: _____

2. Escribe os sinónimos das seguintes palabras.

xigante apalpar gabán

o Escribe os antónimos das seguintes palabras.

frío tapar baixar

3.- Utiliza esta palabra en dúas oracións nas que teña significados diferentes.

“laranxa”

o Como se chaman as palabras que teñen dous ou máis significados?

4 .-Completa con **z**, **c** ou **qu**.

_ apatillas	_ irco	par__e
de_embro	__eixo	cora__ón
_ astañas	_ in__enta	es__imó
_ ear	peri__ito	a__ul

5.- Escribe onde corresponda: **Aí, Hai, Ai!**

Non toques , aínda está mollado.

Como me doe a moa!

Non ninguén xogando no parque.

LINGUA

Nome: _____ Data: _____

6.-Completa con ga, gue, gui, go, gu, gñe, gñi

__lleta	pira__sta
__nda	a__lla
para__eiro	__pardo

7. Une os suxeitos e os predicados e despois copia as oracións

- | | | | |
|-------------|-----------------------|-----------------------|---------------------------------------|
| As crianzas | ☐ | ☐ | explicounos a lección de Matemáticas. |
| Eu | ☐ | ☐ | estudei moito para o exame de Lingua. |
| A mestra | ☐ | ☐ | recibiron a visita do Apalpador. |

8. Suliña as palabras que riman no seguinte poema.

Vaite logo meu meniño,
marcha agora pra camiña,
que vai vir o Apalpador
a apalparche a barriguiña.

Xa chegou o día grande,
día do noso señor,
xa chegou o día grande
día do Apalpador.

Mañá é día de cachela
e haberá gran nevarada
ha de vir o Apalpador
cunha chea de castañas.

Alá por aquela cembra
mira xa ven relumbrando
o señor Apalpador
pra darvos o aguinaldo.